

Fai medio século do pasamento de dona Virxinia Pereira Renda, muller de Castelao. Antes do seu falecemento fixera unha visita á súa querida terra natal da Estrada, polo que non se pode deixar de evocar á súa memoria, que é parte e esencia do patrimonio cultural galego. Nacera na localidade no ano 1884, aquí casara con Castelo en 1912 e aquí vira primeira luz en 1914, Alfonso, fillo de ambos, fale-

cido prematuramente en 1928 na cidade de Pontevedra, exiliados durante a Guerra de España, fixan a súa residencia en Bos Aires onde finará Castelao en 1950. Virxinia aínda fará dúas viaxes á Estrada.

Unha lembranza a dona Virxinia Pereira

Medio século do pasamento da estradense, pouco despois da súa derradeira visita á súa terra natal

JOSÉ ANDRÉ PORTO ■ A Estrada

Neste 2019 cúmprese medio século do pasamento en Madrid, aos 85 anos de idade, de dona Virxinia Pereira Renda, viúva de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Dona Virxinia nacera na Estrada en 1884, aquí casara con Castelao en 1912 e aquí vira a primeira luz, en 1914, Alfonso, fillo de ambos, falecido prematuramente en 1928 na cidade de Pontevedra.

Exiliados durante a Guerra de España, fixan a residencia en Buenos Aires, onde finará Castelao en 1950. Dona Virxinia aínda fará dúas viaxes á Estrada, unha en 1968 e outra en 1969, ano en que falece na capital de España, conservándose desas derradeiras estadias na Estrada interesantes testemuños escritos.

Así, con motivo do sétimo cabodano de dona Virxinia, o galeguista estradense Xosé Porto Matalobos (1927-2009) publica o 25 de decembro de 1976 no xornal compostelán *El Correo Gallego* baixo o título de "Virxinia de Castelao", unha evocación das visitas a que nos referimos: "Calquera día dun verán, chegaríamos a aquela vosa casa da Estrada, con Pepiña Camba acompañado. Queríámosche todos! E alí facías vida con Herminia Agulló, xa viúva do teu irmán Anxo Pereira, militar rexo e bo home." Despois de rememorar a vida do matrimonio, coa morte do fillo, a viaxe á Breaña, a obra de Castelao, a loita polo Estatuto de Autonomía ou a guerra, "que habería de levarnos para tan lonxe —e a Bóveda, con moitos máis, para sempre—, o autor refírese a "tempos que son lembranzas de viaxes a diferentes lugares: Lugo, Vigo, Santiago, Ourense, A Coruña ou Pontevedra, para ir facer visitas de amizade fonda e cariñosa".

Destá maneira, "certo día a Lugo fomos. Alí tiñas que cumprir coa familia de Luís Villamarín, crego residente na terra allea argentina. E vimos ao profesor Alonso Montero, que andaba a voltas coa nova edi-

ción de "Retrincos", publicada por edicións Celta". Noutra ocasión foran "camiño dos mares verdes de Vigo, para ir de despedida ao cemiterio de Pereiró, deixándolle sobor da lousa do neno a lembranza de un aceso caravel e unha íntima oración que lle ofreceron teus beizos". Nese mesmo día fixeran "unha parada en Pontevedra, para ir de visita ao Museo de Filgueira, onde estaba tanta obra de Daniel". Despois, continúa o autor do artigo, "seguímos adiante, camiñantes, pola rúa da Oliva e San Xosé, pola Alameda, lumbriugando as aberturas de Tambo e a fronte verde da Caieira, onde aínda ecoan ráfagas de chumbo traizoeriras."

No mesmo diario compostelán e dúas semanas antes, o doce de decembro de 1976, Porto Matalobos publicara tamén o artigo "Museo de Pontevedra", citando "a obra de Castelao, que ten en propiedade a Casa, dende aquel día da firma do seu derradeiro testamento, por parte de Virxinia Pereira, compañeira de Daniel, na chaira castelá de Salamanca, dous meses antes da morte da nosa amiga".

O falecemento de dona Virxinia aconteceu en Madrid o día 23 de decembro de 1969. E o xornal *La Voz de Galicia* publicou unhas semanas antes, o cinco de novembro, o testemuño da última viaxe á Estrada da viúva do insigne Castelao. Trátase do artigo "Castelao y La Estrada", asinado polo xornalista Ángel Padín (1930-2014). Castelao, lembra, "se casó con una estradense, doña Virxinia Pereira Renda, que vive en Buenos Aires pero que desde hace dos años cada verano se da una vuelta por Galicia para respirar los aires de su tierra".

"Estos días se ha marchado para su Argentina, su segunda patria (si no ha marchado está a punto de hacerlo) después de permanecer en Galicia más tiempo del previsto. Ello fue debido a un accidente sufrido en La Estrada, según me cuenta mi buen amigo Xosé Porto Matalobos, corresponsal de *La Voz*



Virxinia Pereira, no exterior do museo de Pontevedra en 1969.

de Galicia en aquela localidade, quien la acompañó durante algunas jornadas." A seguir recóllense algunhas informacións fornecidas polo galeguista estradense: "Doña Virxinia estivo en Lugo en casa de los señores Villamarín, ya que un familiar de estos, Luis Villamarín, es crego en Buenos Aires y ella tiene una gran amistad con él. Este Villamarín —Luisiño, como le llama ella— ha sido el primer sacerdote que ofició una misa en lengua gallega. Estuvo, igualmente, en Sargadelos y

en Castro, invitada por Isaac Díaz Pardo, de quien era conocida. Este año se le fastidiaron los viajes y el veraneo. Una tarde, atravesando una calle de La Estrada, la atropelló una bicicleta que montaba una chica. Estuvo enyesada más de un mes —42 días, justamente, creo que fueron—. A los pocos días de sacarle el yeso la acompañé a Vigo donde tiene enterrado a su único hijo, puesto que no quería ausentarse sin hacerle una visita en el cementerio de Pereiró." De regreso da ci-

dad olívica "estuvimos en el Museo de Pontevedra viendo la muestra pictórica de su marido que allí se guarda. El director, don José Filgueira Valverde, la recibió encantado y, en unión del secretario, Alfredo García Alén, nos mostraron la obra". Esa visita, ademais, está graficamente documentada pola que podería ser a derradeira fotografía de dona Virxinia, feita ao pé do propio Museo.

Tamén no artigo "Irmán Daniel", publicado aos vinte e sete anos do falecemento de Castelao (*El Correo Gallego*, 07.01.1977) relembra Porto Matalobos "o voso único fillo, Alfonso Xesús, que agora dorme para a eternidade no cemiterio vigués de Pereiró, e a quen, fixo agora sete anos, pouco antes de ir para onde ti nos ceos a túa dona, acompañei a levarlle as derradeiras rosas e máis o bico espiritual de unha oración".

Ademais, a devoción de Porto Matalobos pola personalidade e a obra de Castelao levouno a dirixir, coa colaboración de Fernando Madridián, Luís Rivero de Aguilar e Javier Otero, o programa radiofónico "Castelao sempre", emitido o 7 de xaneiro de 1976 polas ondas de Radio Galicia, de Santiago de Compostela, e a participar na organización da homenaxe tributada na Estrada ao insigne rianxeiro en xaneiro 1979, acto en que realizou a presentación de Ramón Martínez López, presidente do Partido Galeguista, cun procedemento a descubrir unha placa conmemorativa dedicada á memoria de Castelao. Así mesmo, integrou a comisión para o traslado dos restos de dona Virxinia e fillo ao cemiterio de estradense Figueiroa, o que se efectuou o 19 de outubro de 1986.

Ao cumprirse, por tanto, o medio século do pasamento de dona Virxinia Pereira Renda, pouco despois da súa derradeira visita á querida terra natal da Estrada, non podíamos deixar de evocar a súa memoria, que é parte e esencia do noso patrimonio cultural.

REDACCIÓN ■ Cerdedo

Os Abrentes de Cerdedo despediron ayer a uno de los músicos más importantes en el municipio. Eduardo Troitiño Varela fue un músico cerdedense que formó parte de la banda dirigida por José Benito. Nació en el lugar de Cabena el 30 de octubre de 1927. Era sobrino de dos de los músicos reconocidos, Antonio y Cesáreo Troitiño Beiro, hermanos de su padre. Además, este músico es padre de José Luis Troitiño y abuelo de Rubén Troitiño, gaiteros de la Asociación Cultural Os Abrentes de Cerdedo.

Os Abrentes de Cerdedo despeden a un músico histórico: Eduardo Troitiño Varela

Fue una de las figuras destacadas del municipio en el ámbito musical

Desde su infancia le gustaba la música y siendo un niño, con nueve años, empezó a asistir a las clases en la academia de José Benito, donde aprendió a leer partituras y a tocar el fliscorno, que aún conservaba en buen estado. El diez de marzo de 1955 se casó con Pura Lavandeira Fortes, hija del bajista José Ma-

ría Lavandeira y nieta del maestro de músicos Ramón Lavandeira.

En el libro *As Bandas de Música de Cerdedo* de Manuel Campos Tomil, editado por Os Abrentes de Cerdedo en 2010, se hizo un recopilatorio de anécdotas de la vida del músico en viejos tiempos. Los jóvenes que integraban las bandas en-

tonces, al moverse por diversos lugares y villas tomaban contacto con otras realidades diferentes de las que hasta el momento no conocieran en Cerdedo. Algunas las dejaban sorprendidos y las recordarán para el resto de sus vidas.

Eduardo Troitiño tuvo una participación en el programa televisivo *Ala-*

lá en el capítulo dedicado a Os Abrentes de Cerdedo, hablando de como era su vida musical después de la Guerra Vicil, en la que la figura del gaitero ya estaba casi olvidada, quedando en las calles con las panderetas. Años después, la historia fue cambiando y se empezaron a abrir salones de bailes con las orquestas y bandas de música. EN 2018, la Banda de Música de Cerdedo realizó un homenaje a los cerdedenses de aquella época entre los que se encontraba Eduardo Troitiño, Ramón Ricoy Mosquera, Jaime Barros Gondariz, José Iglesias Lavandeira o Manuel Torres Beiro.